



# TEMA 10: AS ACTIVIDADES



## TERCIARIAS




## Selectividade: Ejercicio teórico: "Sector servicios e o proceso de terciarización da economía en España".

- Características do sector terciario.
- Causas da terciarización.
- Contrastes na localización dos servizos.



O **sector terciario** ou de servizos é un sector económico que agrupa aquelas actividades que **non producen bens materiais, pero proporcionan servizos** adicados a satisfacer as necesidades das persoas ou doutros sectores produtivos. Entre elas destaca o transporte, as comunicacións, o comercio, o turismo, a sanidade, a educación...


Nos países desenvolvidos máis da metade da poboación activa traballa no sector terciario ou servizos, que medrou en importancia tanto polo número de persoas que ocupa como pola riqueza que xera. **En España este sector ocupa á meirande parte da poboación activa**, (76,3% en 2014, según datos do INE) por iso, considérase que vivimos nunha sociedade terciaria ou de servizos. A distribución dos servizos no territorio amosa grandes desigualdades e desequilibrios, dado que tenden a se concentrar nas zonas con maiores niveles de renda.



## ► Características do sector terciario (páx. 253-254) (páx. 250-251)



Unha das características principais deste sector é a **gran diversidade de actividades** que abrangue (sanidade, a educación, o comercio, os transportes e as comunicacións, o turismo, o lecer, a cultura e os deportes, servizos financeiros, etc...). A máxima expansión do sector terciario acadouse coa **sociedade da información**, que produciu o desenvolvemento técnico e científico, a mundialización da economía e o crecemento dos intercambios.

O conxunto das actividades relacionadas coa técnica e a ciencia (investigación, telecomunicacións, alta tecnoloxía...) forma parte do chamado **sector terciario superior ou cuaternario**. As persoas que traballan neste ámbito deben ter unha boa formación académica e adoitan recibir uns salarios elevados. Como contraposición ao sector terciario superior, hai un **sector terciario banal** dedicado a traballos que esixen pouca preparación e están mal remunerados (servizos domésticos e de limpeza, venda ambulante, pequeno comercio...).



As **características principais** que definen o sector terciario son:

- É un sector **moi heteroxéneo**, non soamente pola variedade de servizos que existen ou pola cualificación do persoal, senón tamén polo **tamaño das empresas** que os ofrecen. É un sector que abrangue dende grandes empresas con milleiros de traballadores a pequenos empresarios. As empresas de servizos son na súa maioría **pemes** e pertencen ao subsector do comercio; aínda que tamén existen grandes empresas con presenza nacional e internacional.
- Os **servizos que presta son intanxibles e inmateriais**. O que se ofrece e se valora é a calidade da prestación que se realiza, por exemplo, un servizo médico ou unha asesoría.
- Ofrece **actividades imposibles de almacenar**. Os servizos préstanse cando son necesarios ou requiridos, polo que adoitan localizarse **preto dos posibles usuarios**.





## ► Causas da terciarización (páx.251) (páx.249)

Desde hai tres décadas, pódese dicir que España ten unha economía de servizos, porque máis de dous terzos de todos os empregos e a produción que se xera no país proceden deste sector. A tendencia é que esta proporción continúe aumentando nos próximos anos, tal e como ocorre en todos os países do noso medio. Por iso adoita afirmarse que en España vivimos un proceso de *terciarización* da economía.

O **rápido crecemento** que experimentaron as **actividades de servizos** é o resultado das profundas **transformacións** que viviu a sociedade española:

- O **aumento do nivel de vida** elevou a capacidade de compra, permitiu un maior consumo de servizos e esixe que sexan cada vez máis numerosos e especializados.
- Os **cambios políticos** derivados da creación da administración autonómica e europea, e da implantación do Estado do benestar estimularon os servizos como os administrativos, a sanidade e a educación, ofrecidos por institucións públicas e privadas.



- Os **cambios económicos** nos outros dous sectores:

- A **mecanización das tarefas agrícolas** desde a década de 1960 provocou o transvasamento de parte da pob. agraria ao sector terciario.

- A **evolución da industria favoreceu** a terciarización: o desenvolvemento económico industrial da década de 1960 impulsou o crecemento de servizos, como os transportes e as finanzas. A crise de 1975 supuxo o paso de moitos parados industriais ao sector terciario. E a industria moderna tende a “terciarizarse”, pois incorpora novas tecnoloxías que requiren menos man de obra e, sen embargo, demandan moitos servizos previos e posteriores á produción: xestión, deseño, investigación, comercialización, servizos postvenda...



- O **turismo** fomentou a hostalería, o comercio, os transportes e os servizos para o ocio (actividades deportivas, espectáculos...).

- Nunha sociedade capitalista o **sector financeiro e de seguros** ocupa un lugar destacado no control do diñeiro e o crédito, básicos para o funcionamento das empresas e o propio consumo familiar.

- Os **cambios sociais** impulsaron numerosos servizos. Entre eles destacan o avellentamento demográfico (servizos asistenciais e actividades de ocio para a terceira idade); o aumento da poboación estranxeira (novos servizos sociais); a dispoñibilidade de tempo libre (turismo, hostalaría, servizos culturais e de ocio); a incorporación da muller ao mundo laboral (garderías, axuda doméstica...), e a demanda de calidade (control de calidade, atención ao cliente...).



- A **difusión das novas tecnoloxías** crea novos servizos e fai cobrar protagonismo unha serie de servizos avanzados que melloran a calidade e competitividade das empresas (enxeñaría, deseño, servizos informáticos, asesoría técnica...), xunto a centros de investigación e centros tecnolóxicos para promover a I+D (investigación e desenvolvemento tecnolóxico).



- **Vivimos nunha sociedade rede**, en que tanto as persoas coma os produtos ou a información teñen cada vez maior mobilidade, xerando densas redes de fluxos ás que os territorios queren estar conectados, o que aumenta a demanda de todo tipo de transportes e telecomunicacións.



## SECTOR TERCIARIO: FACTORES DE CRECIMIENTO

### REESTRUCTURACIÓN PRODUCTIVA:

#### TERCIARIZACIÓN DE LA INDUSTRIA:

- Gestores de empresa
- Publicistas
- Asesores Fiscales
- Agentes Comerciales
- Diseñadores
- ...

### CRECIENTE IMPORTANCIA DEL SECTOR PÚBLICO:

- Enseñanza
- Sanidad
- Administración Local
- Administración Autonómica
- Administración Estatal
- Administración Supraestatal
- Sindicatos
- Partidos Políticos
- Asociaciones
- Etc.

### CRECIMIENTO DEL SECTOR FINANCIERO Y DE SEGUROS

### INCREMENTO DE LAS RENTAS FAMILIARES DISPONIBLES:

- Ocio
- Nuevos servicios
- Nuevas formas de comercio

### DESINDUSTRIALIZACIÓN DESAGRARIZACIÓN:

INCREMENTO DE  
SECTOR TERCIARIO

### INCORPORACIÓN FEMENINA AL MUNDO LABORAL

### DESARROLLO DEL TURISMO

## DESARROLLO DEL SECTOR TERCIARIO

### AUMENTO DEL TIEMPO LIBRE DISPONIBLE (Reducción de la jornada laboral)

### URBANIZACIÓN DEL TERRITORIO: Nuevos hábitos de consumo y servicios

### CRECIMIENTO DE LA CLASE MEDIA



## ► Contrastes na localización dos servizos. (páx. 256) (páx. 252)

En todas as C. Autónomas españolas predomina o sector terciario no emprego e no PIB. Conta con máis de catorce millóns de empregos e dous terzos do valor da produción total obtida en España, así como a maior perspectiva de crecemento. Non obstante, obsérvanse **desequilibrios territoriais**:

- A **aportación dos servizos** ao emprego é **maior** nas Comunidades especializadas en turismo (Canarias, Baleares, Andalucía); en Madrid, que, pola súa capitalidade, concentra servizos administrativos estatais e funciona como centro financeiro, sede de numerosas empresas, centro de mercado a escala nacional,... ; e en Ceuta e Melilla, onde son moi escasas as demais actividades produtivas. A terciarización é **menor** nas comunidades con maior peso relativo agrario e agroindustrial (A Rioja, Navarra, Castela-A Mancha, Murcia).

- O sector terciario concéntrase tamén nas **grandes cidades**, (Madrid, Barcelona, Valencia, Bilbao, Sevilla, Zaragoza...) pero hai que ter en conta que algunhas iniciaron unha difusión de servizos cara a cidades medias e pequenas e mesmo cara a áreas rurais.




## Esas distribución relaciónase coa influencia de diversos factores:

- Ante todo, relaciónase coa **repartición da poboación e o seu nivel de renda**, pois a maioría destas actividades buscan estar cerca dos seus clientes potenciais e, polo tanto, aumentan en territorios con altas densidades e elevado nivel de ingresos.

- Tamén inflúe a **presenza de poboación estacional** relacionada co desenvolvemento do turismo, sobre todo, nas áreas litorais, pois iso engade un volume importante de consumidores dalgúns tipos de servizos.

- Un terceiro factor é a **densidade de empresas no territorio**, pois son as principais demandantes dalgúns servizos (desde o transporte e as telecomunicacións, aos servizos informáticos, xurídicos, de mantemento e reparación, de deseño e enxeñaría etc...).

- Por último, as **administracións** central, autonómica e local distribúense por todo o territorio, pero a presenza de funcionarios e contratados nelas é maior naqueles provincias e cidades onde se localiza a capitalidade nacional ou autonómica.







# O SECTOR SERVIZOS E O PROCESO DE TERCERIZACIÓN DA ECONOMÍA EN ESPAÑA E EN GALICIA

## CARACTERÍSTICAS DO SECTOR TERCIARIO

**PPDD:** Unha sociedade terciaria con desequilibrios territoriais

**Definición de sector terciario**

- TRAZOS**
- Actividades inmateriais nas que se valora a calidade do servizo.
  - Actividades non almacenables e de localización preto dos usuarios.
  - Actividades moi diversas (comerciais, asesorías de empresas, administrativas, financeiras, culturais e de ocio, educativas, sanitarias, etc.
  - Diversidade tamén no tamaño das empresas.
  - Actualmente hai que diferenciar entre terciario clásico e terciario superior (cuaternario), igual as actividades máis cualificadas (investigación, telecomunicacións e alta tecnoloxía).

## CAUSAS DA TERCERIZACIÓN

España, unha economía terciaria en progresiva tercerización: máis de 2/3 da poboación activa

**Un rápido crecemento resultado das TRANSFORMACIÓNS SOCIAIS do país:**

- España, **sociedade de consumo** con crecente capacidade de compra (cfr., servizos destinados á poboación).
- **Sociedade de benestar** con crecente oferta de todo tipo de servizos sociais desde institucións públicas e privadas.
- **Sociedade de ocio** con crecente actividade turística e relacionada co tempo libre.
- **Sociedade de capitalismo avanzado** con bancos e seguros, base do funcionamento empresarial e do consumo familiar.
- **Sociedade do coñecemento** con servizos avanzados que melloran a competitividade e promoven I+D+I.
- **Sociedade en rede** na que as persoas, os bens e a información teñen cada vez máis mobilidade xerando redes de fluxos territoriais e multiplicando os transportes e as telecomunicacións.
- **Sociedade regulada** a través dunha administración pública que xestione servizos tanto especializados como precarios.

## CONTRASTES NA LOCALIZACIÓN DOS SERVIZOS

**Contrastes rexionais maiores en cifras absolutas que relativas respecto da poboación activa.**

- Factores da distribución dos servizos:**
- *Reparto de clientes potenciais* (densidade e alto nivel de rendas).
  - *Potencial presenza estacional de masas de poboación* (turismo).
  - *Densidade de tecido empresarial* (servizos destinados ás empresas).
  - *Administración extendida ó conxunto do territorio* (central, autonómica e local; cfr., servizos sociais).
- Importancia e dinamismo terciario no emprego e na produción. Paisaxes específicas e impactos negativos sobre o noso litoral.**

- O SECTOR SERVIZOS EN GALICIA**
- **60% do PIB** (Comercio, transportes, turismo e servizos sociais. **Importancia no mercado laboral** (63% en 2008). **Limitado equilibrio territorial** (capitais provinciais e grandes núcleos urbanos).
  - **Estructura do terciario:** a) Os *servizos non destinados á venda* (servizos sociais) absorben o 56% do gasto público da Xunta 2006. b) Os *servizos destinados á venda* (transportes, comercio, turismo e os especificamente destinados ás empresas (crecente diversificación).